



MEMORIA

2010



Coordinadora Estatal de
Comercio Justo

Edita: Coordinadora Estatal de Comercio Xusto
c/ Santísima Trinidad 30, 1º-8. Madrid 28010
Teléfono: 91 299 38 60

Fotografías: Archivo Coordinadora Estatal de Comercio Xusto, Pablo Cambert.

Diseño e maquetación: Más!gráfica

Impresión: Advantia Comunicación Gráfica

Traducción: Mondo Services

Impreso en papel ecológico FSC

Dispoñíbel en galego, éuscaro e catalán en versión electrónica e web www.comerciojusto.org

Marzo 2011

Presentación

Tras un novo ano de traballo, desde a Coordinadora Estatal de Comercio Xusto queremos facer balance do noso labor no ano 2010.

O eixo principal que orientou á Xunta Directiva foi o esforzo por definir os criterios estratéxicos e máis aquelas liñas de acción que permitisen sentar as bases dun traballo referente para os nosos membros. Tratamos de diferenciar o prioritario do secundario, procurar o mínimo común denominador e garantir unha boa optimización dos nosos recursos.

Neste senso, o fortalecemento do sector constituíu unha prioridade. Por iso, avanzamos na elaboración dun sistema de garantías que avale o labor das nosas organizacións. Esperamos que este traballo culmine coa aprobación do documento definitivo no 2011.

Podemos dicir que a procura da participación e da creación de diferentes canles para facela eficaz, foi a espiña dorsal do traballo desenvolvido no ano.

A este respecto, dicir que este ano nós lanzamos tres comisións estatutarias establecidas na Asemblea de marzo de 2009: “Comisión de Garantías,” Comisión da sensibilización, da investigación e Mobilización Social “e” Comisión de Organización, Participación e Servizos para membros”. Ten impulsado dous grupos de traballo: grupo de expertos” e “grupo de comunicación. Así, foi establecido un proceso común de análise, diagnóstico e definición de prioridades comúns, que foron convidados a participar todas as entidades.

Todo isto realizámolo asumindo os principios da Organización Mundial do Comercio Xusto, coa que damos un paso máis na reflexión compartida sobor do papel desta alternativa comercial solidaria, no marco dunha profunda crise do modelo económico, ecolóxico e social.

Con especial agradecemento queremos recoñecer que os obxectivos acadados e o traballo descrito na presente memoria serían imposíbeis sen a colaboración das organizacións membro, para as que desenvolvemos a nosa actividade a prol do movemento de Comercio Xusto e, en particular, dos produtores do Sur.

Juan Antonio Baile Antúnez

Presidente da Coordinadora Estatal de Comercio Xusto

A Coordinadora Estatal de Comercio Xusto

A Coordinadora Estatal de Comercio Xusto (CECX) é unha plataforma española que agrupa 36 organizacións vencelladas ao Comercio Xusto. O seu traballo céntrase en potenciar este sistema comercial alternativo e solidario e en dar servizo ás entidades membro.

O seu obxectivo consiste na transformación da realidade social e das regras do comercio internacional a través da incidencia nas políticas públicas, a sensibilización e a mobilización da sociedade e mailo fortalecemento do sector de Comercio Xusto.

Obxetivos

- Defender a identidade do Comercio Xusto e fortalecer o movemento.
- Ofrecer servizos e apoio ás organizacións membro.
- Canalizar a comunicación e coordinación entre as organizacións de Comercio Xusto.
- Investigar e xerar coñecemento en torno ao Comercio Xusto.
- Representar ao Comercio Xusto perante organismos e institucións estatais e internacionais.
- Promover os valores do Comercio Xusto entre a cidadanía contribuíndo á creación dun espírito crítico e comprometido.
- Informar e difundir o Comercio Xusto na sociedade.
- Velar polo cumprimento dos principios do Comercio Xusto.

Estrutura interna e funcionamento

Asemblea

Está integrada polas organizacións membro e constitúe o máximo órgano de goberno e de expresión da vontade das mesmas. Posúe a plenitude dos poderes e competencias necesarias para acadar os obxectivos da Coordinadora. Decide as estratexias que se van seguir e as liñas xerais de actuación.

Xuntanzas no 2010:

- Asemblea Ordinaria e Extraordinaria: 27 de marzo, Donostia-San Sebastián.
- Asemblea Extraordinaria: 24 de outubro, Córdoba.

Xunta directiva

Dirixe e planifica as liñas de acción e o cumprimento dos obxectivos da Coordinadora. Representa á entidade perante institucións e outras organizacións.

Membros da Xunta:

Presidencia:	Juan Antonio Baile Antúnez, Alternativa 3
Vicepresidencia:	José García Ruiz, Intermón Oxfam
Tesouraría:	Andrés González García, Solidarte, substituído por Jordi Serena Sarriá, Adsis-Equimercado
Secretaría:	Mercedes García de Vinuesa, Ideas
Vogalías:	Mónica Gómez Fernández, SETEM Marta Pizarro Anglada, S'Altra Senalla Carola Reintjes, COPADE substituída por Jesús Correas, COPADE

Comisións e grupos de traballo

Para o cumprimento dos obxectivos formáronse comisións e grupos de traballo.

- **Organización, participación e servizos a membros**

Desenvolve iniciativas e ofrece apoio ás organizacións membro. Asemade, promove a coordinación entre entidades e facilita a súa participación en distintas accións.

- **Sensibilización, estudos e mobilización social**

O seu obxectivo é xerar coñecemento sobor do Comercio Xusto e difundir os seus valores para promover a capacidade crítica e o compromiso da cidadanía.

- **Garantías e adhesión**

O seu obxectivo é velar polo respecto aos principios do Comercio Xusto e fortalecer o movemento mediante a definición dos criterios que teñen que cumprir as organizacións membro.

- **Grupo de expertos e incidencia política**

Analiza cuestións de relevancia relacionadas co Comercio Xusto (estratexias institucionais, lexislación, etc) co fin de elevar unha opinión e favorecer cambios políticos.

- **Grupo de comunicación**

A súa finalidade é ampliar a difusión do Comercio Xusto na sociedade e maila súa presenza nos medios de comunicación.

Equipo técnico

Executa e facilita o desenvolvemento das accións definidas pola Asemblea.

Dirección:	Marta Lozano Sabroso
Área de Estudos e Garantías:	Gonzalo Donaire Salido
Área de Sensibilización e Mobilización social:	Mercedes de la Fuente, substituída en novembro por Carmen Jiménez Gómez.
Área de Comunicación:	Laura Roux, substituída en febreiro por Marta Guijarro Ruiz.

Redes internacionais

A Coordinadora pertence á Organización Mundial do Comercio Xusto. Subscribe a súa filosofía e maila carta de principios da entidade.



Liñas de acción

Representación institucional

Coa Administración estatal

A Coordinadora mantivo unha interlocución continua e celebrou varias xuntanzas con representantes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento que xiraron arredor de cuestións de especial interese para o sector.

Incidencia política

No ano 2010 constituíuse o grupo de expertos co obxectivo de desenvolver accións de incidencia política. Deste xeito, fixo aportacións ao borrador da “Estratexia de crecemento económico e desenvolvemento do traballo produtivo” da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas de Desenvolvemento, ademais de realizar emendas á Lei de Economía Sostíbel.

Eventos

Representantes da Coordinadora levan intervido en diferentes eventos:

- 25 de maio: Cinema-foro sobor do Comercio Xusto e os dereitos laborais, organizado por ISCOD.
- 27 de xuño: III Congreso sobre Compra pública responsable, organizado por IDEAS.
- 16 de decembro: Mesa redonda O Comercio Con Sentido, organizada por Solidaridad Internacional.

Autorregulación e defensa do sector

A CECX avanzou na elaboración dun sistema de garantías que estableza os criterios que teñen que cumprir as entidades membro para seren consideradas “Organización de Comercio Xusto da CECX”. Esta iniciativa, que conta co financiamento da AECID, non só responde a unha necesidade no seo da propia Coordinadora, senon tamén na sociedade.

O traballo foi coordinado pola Comisión de Garantías, que foi creada a tal efecto, mediante un proceso democrático e participativo que incluíu enquisas e outras consultas aos membros. Asemade, na xornada “Cara a un sistema de garantías”, que tivo lugar en Córdoba o día 23 de outubro, debatiuse o segundo borrador do que será o Documento Marco definitivo.

Estudios

Informe *O Comercio Xusto en España 2009.* *Unha cuestión de xénero*



Elaborado pola Coordinadora xunto coa ONG SETEM, con financiamento de AECID.

O estudo amosa que a facturación das organizacións da Coordinadora

Estatad de Comercio Xusto ascendeu aos 16'8 millóns de euros, o que supón un 2'9% menos con respecto ao ano anterior. Os produtos máis vendidos son os de alimentación, que re-

presentan un 60% das vendas. O café mantense como produto estrela: está presente na metade das compras. Vai seguido polo cacao e o azucre. En artesanía, os artigos máis mercados foron os complementos (30%) e a decoración (26'7%), así coma os textís para o fogar (16'8%), a roupa (11'8%) e os xoguets (8'1%). A metade das compras realízase en tendas especializadas de Comercio Xusto.

Presentaciones públicas

O informe foi presentado en cinco localidades. Ademais de membros da Coordinadora e SETEM, nalgúns destes eventos participaron representantes de administracións públicas e de grupos produtores do Sur.

- **Madrid, 17 de marzo.** O acto contou coa colaboración do Concello de Madrid e coas intervencións de Ángel Sánchez, director do Instituto Municipal de Consumo, e M^a Luz Ortega, de Educación para o Desenvolvemento de AECID.
- **Bilbao, 26 de marzo.** Na rolda de prensa participaron representantes de SETEM e maila Coordinadora.
- **San Sebastián, 26 de marzo.** Presentación dirixida especialmente ás organizacións membro, na que interviñeron representantes de SETEM e a Coordinadora.
- **Barcelona, 18 de maio.** Na presentación interviñeron Yanira Minero, membra do Centro de Dereitos da Muller (Honduras), e Lucila Blandón, vice-presidenta de

Aldea Global (Nicaragua), así coma David Minoves, director xeral de Cooperación ao Desenvolvemento da Generalitat de Catalunya.

- **Pamplona, 10 de xuño.** A rolda de prensa contou coa participación de Johny Joseph, director da organización produtora india Creative Handicrafts.

Difusión

O informe acadou unha ampla repercusión mediática: contabilizáronse máis de 120 impactos.

A publicación, da que se imprimiron 1500 exemplares, foi distribuída entre as organizacións membro, universidades, institucións públicas, medios de comunicación, outras entidades e ONGs interesadas.



Presentación do informe en Madrid.

Sensibilización e mobilización social

Co obxectivo de dar a coñecer o Comercio Xusto e promover un espírito crítico e comprometido entre os cidadáns, a Coordinadora desenvolveu accións diversas:

Gran mural e exposición “Dá a cara”, San Sebastián-Donostia

17-28 de xaneiro

A fachada do concello donostiarra exhibiu un grande mosaico formado por pequenas fotografías sacadas a cida-



dáns e personalidades. A imaxe resultante do mural era a da campaña “Dá a cara”. Esta iniciativa, que contou co financiamento do concello da localidade, completouse cunha exposición no centro Ernest Lluch.

Actividades en La Casa Encendida, Madrid

• Xornada “Muller, crise e Comercio Xusto”

18 de febreiro

Mesa redonda con expertos no tema e taller demostrativo en torno ao proceso de produción do café. Entre outros poñentes, fixo unha intervención a nicaragüense Marjories Siles, presidenta da Asociación Aldea Global, que aportou unha perspectiva desde os países do Sur.

• Taller infantil de bixutería

Entre setembro e novembro

Ao longo de tres sesións en varios fins de semana, os rapaces e as rapazas participantes descubriron en que consiste o Comercio Xusto a través da elaboración de artigos de bixutería.

Ámbalas dúas iniciativas foron organizadas xunto con La Casa Encendida e Intermón Oxfam e contaron co financiamento da Obra Social Caja Madrid.

Campaña A rebelión dos produtos

No 2010 continuouse con esta campaña a través do sitio web www.larebeliondelosproductos.org e a edición de boletíns electrónicos. Trátase dunha campaña protagonizada por tres personaxes de animación que amosan as inxustizas no proceso de produción de determinados artigos. Conta co financiamento da AECID.

Ademais, leváronse a cabo outras accións:

- **Material didáctico**

Editouse un CD-ROM dirixido a estudantes de Secundaria e Bacharelato. A publicación contén fichas de actividades, vídeos e material de apoio para o profesorado. Todo o material está traducido ás catro linguas oficiais e pódese descargar desde o sitio web da campaña.



- **Acción na rúa “A cara B do lixo”, Madrid**

Co gallo do Día Mundial, en Madrid instalouse unha “tenda” fabricada con envases recollidos na zona durante unha semana. A instalación completábase con carteis informativos sobor da orixe dos produtos e do impacto medioambiental do consumo.

Día Mundial do Comercio Xusto

8 maio

Baixo o lema “Un día para celebrar, todo o ano para actuar”, 150 localidades españolas organizaron eventos para conmemorar o Día Mundial. As actividades foron variadas: houbo desde concertos até proxeccións, charlas, mesas informativas, postos de venda, actos na rúa, etc.

Como apoio e para acadar unha maior difusión da mensaxe, editáronse carteis e folletos nas catro linguas oficiais, xogos participativos e un vídeo no que xornalistas e persoas relevantes daban un testemuño de apoio ao Comercio Xusto. A iniciativa, financiada pola AECID, tivo unha grande repercusión nos medios de comunicación.



Ciclo de cinema en Caixa Forum, Madrid

Xuño-Xullo

O ciclo incluíu a proxección de catro filmes documentais (Black Gold, China Blue, O pesadelo de Darwin, No mundo a cada instante) que poñen de relevo distintos aspectos relacionados co Comercio Xusto.

Feira de Importadoras, Madrid

3 de xullo

A Feira reuniu sete organizacións importadoras, membros da CECX, para amosarlles ás tendas especializadas e aos pequenos comercios os produtos novedosos de cara á seguinte tempada. A iniciativa completouse cun programa de actividades paralelas coma conferencias, proxeccións e degustacións de variedades de té e café. Este evento tivo lugar no Centro Dotacional Integrado de Arganzuela, Concello de Madrid.

Presentación dos resultados da formación en liña, San Sebastián-Donostia

26 de marzo

Trátase dun proxecto levado a cabo xunto con Emaús Fundación Social e co financiamento de AECID no que participaron máis dun cento de persoas procedentes de oito países de fala española. A formación abordou o Comercio Xusto desde diferentes perspectivas.

Taller de escaparatismo, Madrid

4 de xullo

Na liña de formación e asesoramento, levouse a cabo un taller teórico e práctico centrado no deseño de escaparates e interiores de tendas que foi impartido por profesionais do eido.



Día Mundial do Comercio Xusto.

Medios de comunicación

A Coordinadora difundiu información sobor das súas actividades aos medios de comunicación e mantivo deste xeito unha presenza pública constante e unha estreita colaboración cos xornalistas.

Asemade, co obxectivo de fortalecer a coherencia das mensaxes e lograr un maior impacto, constituíuse o grupo de comunicación, integrado por profesionais desta área das organizacións membro.

Sitios web e redes sociais

O sitio web www.comerciojusto.org manteuse actualizado con toda a información relevante da Coordinadora. Ao longo do ano recibiu preto de 90.000 visitas.

A Coordinadora tamén difundiu as súas mensaxes a través de redes sociais, coma facebook e youtube.

No Nadal, distribuíuse unha mensaxe mediante correo electrónico que incluía unha ligazón ás tendas das organizacións membro co obxectivo de promover a compra de artigos de Comercio Xusto.

Comunicación interna

No 2010 impulsouse a comunicación interna co envío de notas informativas periódicas dirixidas ás organizacións membro.

Balance de situación

ACTIVO	
INMOBILIZADO	2248,71
INMOBILIZADO	1008,71
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado	
Mobiliario (mobles)	5173,74
Equipos para procesos de información	
Outro inmovilizado material	
Amortización Acumulada Inmob.	-4165,03
	1240
Depósitos e fianzas	1240
ACTIVO CIRCULANTE	477.544,68
DEBEDORES	12315,06
Debedores	1095
Debedores de dubidoso cobramento	365
Organismos públicos	10855,06
TESOURARÍA	465229,62
Caixa	168,39
Bancos e institucións de crédito	465061,23
TOTAL ACTIVO	479.793,39

PASIVO	
PATRIMONIO NETO	71.395,31
FONDO SOCIAL	601,01
Fondo social fundacional	601,01
RESULTADO EXER. ANTERIOR	41310,88
Remanente	41.310,88
PERDAS E GAÑANZAS	29483,42
	29.483,42
INGR. A DISTRIB. EN VARIOS. EXER.	403.418,60
Subvencións de capital	403.418,60
ACREEDORES A CURTO PLAZO	4.979,48
Acreedores por prest. Serv.	170,46
Outros acreedores	
Remuneracións ptes. De pagamento	66,24
Facenda Pública Acreedora	2.626,29
Seguridade Social Acreedora	2.116,49
TOTAL PASIVO	479.793,39

Conta de gañanzas e perdas

GASTOS

GASTOS DE PERSONAL	94149,1
Soldos e salarios	71.149,40
Seguridade Social ao noso cargo	22.999,70
Outros gastos sociais	
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN	218,57
De inmovilizado material	218,57
GASTOS DE EXPLOTACIÓN	107.855,04
Arrendamentos	9.328,51
Material de oficina	451,04
Mensaxería	2.343,60
Servizos profesionais indep.	3.472,96
Servizos profesionais (xestoría)	1.988,00
Servizos profesionais (web)	1.151,28
Outros servizos técnicos	67.311,26
Prima de seguros	530,70
Servizos bancarios e similares	134,32
Viaxes, estadías e dietas	7.147,70
Publicidade	333,03
Teléfono, internet	1.840,16
Subministracións	194,97
Varios	2.501,91
Acordos de colaboración	8.910,96
Outros servizos	214,64

GASTOS EXTRAORDINARIOS

Gastos Extraordinarios

GASTOS E PERDAS DOUTROS EXERCICIOS

Gastos e perdas de exercicios anteriores

EXCEDENTE DO EJERCICIO 29.483,42

Excedente positivo do exercicio 29.483,42

TOTAL 231.706,13

INGRESOS

INGRESOS DE EXPLOTACIÓN 231.573,47

Ingresos por subvencións 200432,64

Cotas 23055,83

Doazóns, Charlas e outros ingresos

Ingresos por servizos diversos 8085

INGRESOS FINANCIEROS 132,66

Xuros de contas correntes 132,66

INGRESOS EXTRAORDINARIOS

Ingresos Extraordinarios

INGRESOS E BENEFICIOS DOUTROS EXERCICIOS

Ingresos e beneficios doutros exercicios

EXCEDENTE DO EJERCICIO

Excedente negativo do exercicio

TOTAL INGRESOS 231.706,13

Directorio

ADSIS-EQUI MERCADO

c/ Katuarri nº9. Pol. Industrial Ansoain
31013 Ansoain (Navarra)
Tel: 902 151 962
www.equimercado.org

ALTERNATIVA 3

C/ Cra. Castellar 526
08227 Terrassa
Tel: 937869379
www.alternativa3.com

AYUDA EN ACCIÓN

C/ Enrique Jardiel Poncela, 6, 1ª planta
28016 Madrid
Tel: 902 402 404
www.ayudaenaccion.org

CÁRITAS - RED INTERDIOCESANA DE COMERCIO JUSTO

C/ Embajadores, 162
28045 Madrid
Tel: 914441000
www.caritas.es

ECOSOL

C/ Arzobispo Mayoral, 4
46002 Valencia
Tel: 963709158
www.ecosol.org.es

EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL

C/Gurutzegi, 16 (Pol. Belartza)
20018 San Sebastián
Tel: 943367534
www.emaus.com

ESPAÑICA

C/ Puerto de Barcelona 4
28821 Coslada (Madrid)
Tel: 916720905
www.nodo50.org/espanica

FEDERACIÓN ARAGONESA DE SOLIDARI- DAD

C/ Mayor 34-36, 1ºG
50001 Zaragoza
Tel: 976 290 301 / 976 396 386
www.aragonsolidario.org

FUNDACION COPADE

C/ Cardenal Silíceo, 22 local
28002 Madrid
Tel: 914155405
www.copade.org

FUNDACIÓN FUTUR JUST EMPRESA D'INSERCIÓ SL

Passatge de la Vía Trajana B, 13
08020 Barcelona
Tel: 933021927
www.fundaciofutur.org

FUNDACIÓ GRUP TERCER MÓN MATARÓ

C/ Barcelona, 50
08301 Mataró
Tel: 97960087
www.gruptercermon-mataro.org

FUNDACIÓN VICENTE FERRER

C/ Murillo nº 19
07013 Palma de Mallorca
Tel: 971220109
www.fundacionvicenteferrer.org

IDEAS-Comercio Justo (Tiendas Solidarias)

C/ El Carpio, parcela 55, Polígono Dehesa
de Cebrián
14420 Villafranca de Córdoba (Córdoba)
Tel: 902107191
www.ideas.coop

IEPALA

C/ García Noblejas, 41 bis
28037 Madrid
Tel: 914084112
www.iepala.es

INTERMON OXFAM

C/ Luis Pasteur, 6 (Parque Tecn.)
46980 Paterna (Valencia)
Tel: 961366275
www.intermonoxfam.org

KIDENDA

C/ Viuda de Epalza, 6
48005 Bilbao
Tel: 944792862
www.kidenda.org

LA ALDEA DEL SUR

C/ Cantueso, 6
28729 Navalafuente (Madrid)
Tel: 918432646
www.laaldeadelsur.es

LA CEIBA

Embajadores 35, local 6
280012 Madrid
Tel: 659 38 02 82
www.laceiba.org

MEDICUS MUNDI ALAVA

C/ Los Isunza, 9 - 1º dcha.
01002 Vitoria
Tel: 945288031
www.medicusmundi.es/alava

MERCADECO FUNDACIÓN

Pza. San Felicísimo, 1
48014 Bilbao
Tel: 944763055
www.mercadeco.es/

MUNDO M

c/ San Marcelo 12, local 7 bis
28017 Madrid
www.mundom.org

O.C.S.I.

C/ Ercilla, 48 - 1º B
28005 Madrid
Tel: 914745702
www.nodo50.org/ocsi

PETJADES

Avda. Tres Cruces, 49
46018 Valencia
Tel: 963830099
www.petjades.org

PROCLADE

c/ Conde de Serrallo 15
28029 Madrid
www.fundacionproclade.org

PROYDE

C/ Marqués de Mondejar 32
28028 Madrid
Tel: 913560607
www.proyde.org

**RED DE COMERCIO JUSTO
Y CONSUMO RESPONSABLE
DE CASTILLA-LA MANCHA**

C/ Ciudad Real, 1 (El Foro)
19200 Azuqueca de Henares
Tel: 949277310
www.comerciojustoclm.org

S'ALTRA SENALLA

C/ 31 de Desembre, 44
07004 Palma de Mallorca
Tel: 971291231
<http://saltrasenalla.org>

SETEM

C/ Gaztambide, 50 bajo
28015 Madrid
Tel: 902012838
www.setem.org

SODEPAZ

C/ Palma 69, bajo
28015 Madrid
Tel: 915228091
www.sodepaz.org

SOLIDARIDAD INTERNACIONAL

C/ Jaén, 13 bajo
28020 Madrid
Tel: 915986290
www.solidaridad.org

TALLER DE SOLIDARIDAD

C/Ramón Montenegro 17-19 bajo
27002 Lugo
www.tallerdesolidaridad.org

LA-TENDA DE TOT EL MÓN

Pasaje Vicente Moliner, 4 bajo
46520 Puerto de Sagunto
Tel: 962679026
www.la-tenda.org

TIENDA DE COMERCIO JUSTO MÁLAGA

c/ Muro de la Puerta Nueva 7-9
29005 Málaga
comerciojustomalaga@hotmail.com

TRABAJO Y DIGNIDAD

c/ Quintiliano 19,2º
28002 Madrid
www.trabajoydignidad.org

UNIS


Avda. de Canillejas a Vicálvaro 66, bajo
dcha.
28022 Madrid
Tel: 913931896
www.unionsolidaria.org

XARXA CONSUM SOLIDARI

C/San Agustí Vell, 15 bajos
08003 Barcelona
Tel: 932682202
www.xarxaconsum.net

“O Comercio Xusto é un sistema comercial baseado no diálogo, a transparencia e o respecto, que procura unha maior equidade no comercio internacional prestando especial atención a criterios sociais e medioambientais. Contribúe ao desenvolvemento sostíbel ofrecendo mellores condicións comerciais e asegurando os dereitos de produtores/as e traballadores/as desfavorecidos/as, especialmente no Sur.”

(Definición da Organización Mundial do Comercio Xusto)



Coordinadora Estatal de
Comercio Justo